

CRONICA PARLAMENTARIA. (SEGUNDO PERIODO DE SESIÓNS, 1992)

Francisco Caamaño Domínguez

A actividade do Parlamento de Galicia de setembro a decembro de 1992, da que se pretende dar conta nas páxinas que siguen, ten como anunciabamos na nosa anterior crónica(1), por protagonista indiscutible a definitiva aprobación da Lei 15/1992, do 30 de decembro pola que se modifica a Lei 8/1985, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, premonitoria, sen dúbida, de que este 1993, ademais de se-lo ano do "Xacobeo" é un ano electoral.

Coa reforma, que dou abondo que falar tanto nos medios políticos como de opinión, remodelábase uns dos elementos estruturais básicos do sistema político de Galicia, pois, sabido é, que entre sistema político e sistema electoral existe unha mutua implicación, o que expresa *per se* a capacidade da Lei electoral para alterar ou reorientar o propio sistema en canto que é a norma chamada a establecer os baremos cos que medir o éxito ou o fracaso en termos electorais das distintas forzas políticas, dos que se derivan, ademais, consecuencias inmediatas que van desde o grao de representación obtida, computable en escanos, ate a súa financiación con fondos públicos, da que depende hoxendía a supervivencia de moitas organizacións partidarias.

Traducir votos en escanos é sempre unha actividade manipulativa -a vontade política sempre ten que ser formada- e non estrictamente matemática, na que indicen outros valores constitucionais -proporcionalidade, o papel imprescindible dos partidos políticos, garantir a estabilidade de goberno- e mesmo culturais e xeográficos. Desde esta perpespectiva, toda Lei Electoral ten sempre algo de norma "manipuladora" e a vez creadora dunha idea químicamente pura e teórico-abstracta de representación.

(1) *Dereito*, Volume I, 1992, páx. 218, e colaboración con X.A. Sarmiento.

Agora ben, cousa distinta e que unha maioría política manipule a Lei Electoral, alterando partidariamente o que, por definición, debe ser un marco mais ou menos consensuado para a competencia política. Certo é, que o principio democrático lexitima este tipo de decisións; que no Parlamento é a maioría a que decide e que, polo tanto, a Lei resultante, mentres no teña vicios de inconstitucionalidade, é perfectamente válida en termos xurídicos. Neste sentido, a nova Lei de reforma electoral é democrática e constitucionalmente intachable. Mais o plano xurídico, o do *deber ser*, non oculta a dimensión política do *ser*. Un “ser” que nos di que a devandita Lei foi aprobada co voto en contra de todas as forzas políticas do arco parlamentario, agás, loxicamente, a do partido gobernante. Dato éste, que convirte desafortunadamente a Lei en “norma sospeitosa” e que reabre politicamente un debate que parecía concluído, en canto que antes da súa reforma a Lei estaba suficientemente consensuada.

No Preámbulo da Lei, a reforma xustifícase pola necesidade de adaptar a lexislación electoral autonómica ás novas modificacións introducidas na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral de 1985 pola L.O. 8/1991. Nembargantes, non se ve paralelismo algún. Mentres que a nivel estatal a reforma da LOREG non afecta os elementos definidores do sistema electoral, no caso da reforma galega, incorpóranse aspectos política e xurídicamente determinantes, como o incremento porcentual da “*sperrklausel*” ou barreira legal, que se eleva do 3% o 5%.

Non procede neste lugar facer comentario algún sobre a conveniencia e efectos deste tipo de cláusulas electorais correctoras da vontade do electorado, cuxa constitucionalidade ten sido reiteradamente afirmada polo Tribunal Constitucional(2). Tampouco se pode argumentar que o tope do 5% sexa excesivo e singular, posto que é o que existe noutras Comunidades Autónomas (Madrid, País Vasco, Extremadura, Valencia...) anque con certas matizacións en canto o seu alcance. Mesmo desde unha óptica puramente pragmática, pódese defender que a operatividade da reforma é, agás fenómenos estranos de dispersión grave do voto e dado os límites que de por si xa impón a fórmula D'Hondt, de reducida utilidade, posto que, con referencia ás pasadas eleccións, só un escano pola circunscrición da

(2) Vid, SSTC 75/1985, e 193/1989.

Coruña, correspondente o Partido PS-EG, foi cuberto por debaixo da cuota do 5% dos votos válidos emitidos.

Pero, partindo destes mesmos datos, pódese formula-la pregunta a inversa: se o incremento da barreira legal ven a ser de reducida utilidade ¿por qué esa teima do partido gobernante en incrementa-la en contra da opinión do resto das forzas política-parlamentarias? ¿Por qué introducir, respecto dunha cuestión, en principio aparentemente intrascendente desde a perspectiva dos resultados electorais, un elemento de grave disenso político encol a reforma de Lei?

As razóns invocadas para esta concreta reforma resumense, sustancialmente, n presentación do proxecto polo representante gubernamental na idea de adaptar a Lei ó nivel de implantación social das distintas forzas políticas e na conveniencia de procura-la máxima eficacia na actuación do Parlamento. Respecto da primeira, ocorreseme formular un interrogante xa clásico: co incremento da barreira legal ¿é a Lei a que se adapta o grao de adaptación social das distintas forzas políticas ou é ela a que adapta e fabrica ese grao de implantación social?

En canto a segunda, cumpre salientar que a eficacia política dun Parlamento depende básicamente da súa capacidade para “escenificar” o debate político existente na sociedade civil, de facerse eco das distintas correntes ideolóxicas e políticas en que ésta se expresa e sometelas a discusión e contraste. A eficacia do Parlamento non é, nen pode ser, a eficacia do Goberno. ¡Claro que amaioría ten que gobernar! Pero o valor da institución parlamentaria consiste en que as minorías son oídas, que o seu través forman opinión, inda que despois o principio da maioría imponha democraticamente os seus argumentos. A eficacia do Parlamento reside non só en facer valer o principio democrático, senón en supera-lo mediante procedementos abertos de discusión que incorporan o valor pluralismo político. Tampouco invoca-los perigos dunha excesiva fragmentación parlamentaria me resulta un argumento conclusivo no caso do Parlamento de Galicia no que, coa barreira do 3% ate hoxe vixente, existen tan só dous grupos parlamentarios definidos de oposición (o dos Socialistas e o do BNG), se descartamos o Grupo Mixto, que pola súa natureza residual sempre xoga un papel distinto, anque nel poidan ubicarse, forzas políticas de oposición parlamentaria.

As razóns invocadas non me parecen, por conseguinte, de todo convincentes. Mais... ¿Por qué entón reformar? Cecais porque a barreira do 5% sí pode ter algunha funcionalidade nas circunscripcións da Coruña e Pontevedra, curiosamente, nas que teñen maior implantación os partidos da oposición parlamentaria. Cecais, porque mediante a suba ó 5% se impide o eventual éxito electoral de certos grupos políticos de carácter localista agora integrados no partido popular, reforzándose indirectamente a disciplina interna do partido. Cecais, en fin, porque en atención ós efectos maioritarios que despliega a fórmula d'Hondt, coa suba ó 5% favorecese ó partido mais votado mediante o cómputo dos restos, que ve mellorado os seus resultados o se traducir votos en escanos.

Trátanse, en todo caso de puras conxeturas, que, nembargantes, inciden sobre unha Lei que pola función institucional e política que cumpre debera estar ó marxe de toda "sospeita" partidaria, sendo mínimamente consensuada entre as distintas forzas parlamentarias.

A reforma da Lei Electoral, abrangueu tamén outras cuestións non menos polémicas, como a absolutamente novedosa dentro dos sistemas electorais do noso Estado, de converter o cargo de Presidente dunha corporación local en causa de inelexibilidade e non, como ate agora, de incompatibilidade. Mais non se trata de converter esta crónica nun comentario a nova Lei de Eleccións ó Parlamento⁽³⁾ senón, sinxelamente, de facermos eco da polémica política que rodeou a su tramitación e aprobación parlamentaria, sinalando os, acaso, aspectos máis conflictivos da mesma.

Afortunadamente a actividade do Parlamento de Galicia non xirou exclusivamente encol a polémica desatada por esta lei, que non frenou o seu ritmo de traballo nen, no eido lexislativo, nen no relativo a outras función como as de control do Goberno e información. Vexámo-lo mais detidamente (4).

(3) Un comentario detido desta reforma, pode verso no somero traballo de F. Fernández Segado, "La reforma de la Legislación electoral de Galicia. Algunas reflexiones en torno a la Ley 15/1992, de 30 de diciembre", Revista Xurídica Galega, núm. 3.

(4) Os datos son tomados da Memoria elaborado polos Servizos de Documentación do Parlamento de Galicia, polo que quero deixar constancia do meu agradecemento pola

1. Actividade lexislativa.

Ademais da tantas veces citada Lei 15/1992, de reforma da Lei electoral, aprobáronse neste período outras tres, a saber:

- De réxime financeiro e presupostario de Galicia.
- De creación de escalas de persoal funcionario ó servizo da Xunta de Galicia.
- De Presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 1993.

Neste mesmo período o Goberno presentou ante o Rexistro do Parlamento os seguintes proxectos para a súa tramitación:

- De colexios profesionais.
- De modificación da Lei 4/1988, do 4 de maio, de Cámaras agrarias.
- De modificación da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.
- De confrarías de pescadores de Galicia
- De presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 1993.
- De creación do Instituto Galego de Consumo.
- Polo que se aproba unha disposición adicional a Lei 12/1992, do 9 de novembro, de determinadas escalas de persoal funcionario ó servizo da Xunta de Galicia.

Pola súa banda, a oposición parlamentaria exerceu a súa potestade de iniciativa lexislativa mediante a presentación das seguintes proposicións de lei:

- *Grupo parlamentario socialista:* Sobre as barreiras arquitectónicas e sensoriais e a de derogación da Lei 4/1984, do 4 de maio, de Cámaras agrarias.

sua atenta disposición ós me facilitar, así como respecto da colaboración que me prestaron os Letrados da Cámara.

- *Grupo parlamentario do BNG*: Relativa a gratuidade dos libros de texto nos niveis de ensino obrigatorios e gratuitos.
- *Grupo Mixto*: (de D. Camilo Nogueira Román, do PSG-EG) de modificación da Lei 17/1977, do 4 de xaneiro, do Estado, no que se refire a substitución dos nomes porpios no rexistro civil, permitindo o cambio cara ó galego dos nomes inscritos con posterioridade a esa data.

Tamén cumpre suliñar, que se presentaron dúas proposicións de lei de carácter institucional, ó vir suscrita por todos os grupos da Cámara, relativas As aparcerías e arrendamentos rústicos en materia de Dereito Civil de Galicia e a Regulación do recurso de casación en materia de Dereito Civil de Galicia.

O carón destas proposición de lei merece consideración especial a destinada a creación da area de sanidade da bisbarra do Salnés, por te-la súa orixe nunha iniciativa lexislativa popular, a primeira que é tomada en consideración polo Pleno da Cámara desde a posta en funcionamento do Parlamento de Galicia(5). Tampoco foi pacífica esta decisión parlamentaria, ante a oposición inicial do partido maioritario de non querer introducir unha excepción, anque ésta viñese pola vía da iniciativa lexislativa popular, o mapa sanitario de Galicia xa aprobado con anterioridade por lei. Nembargantes, a presión social e, mesmo o anuncio de algúns deputados do partido gobernante de rompe-la disciplina de voto, poñendo en perigo a axustada maioría absoluta dos populares, fixo que, finalmente, éste trocase a súa opinión, a que se sumaron os restantes grupos político-parlamentarios.

Finalmente, o Pleno rexeitou tres porposicións de Lei do Grupo parlamentario socialista (Medidas urbanísticas para a promoción da vivenda en Galicia; Concentración parcelaria e de ordenación das explotacións

(5) Como se sabe as outras iniciativas populares foron: a de modificación da Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servicio Galego de Saúde (O Barco de Valdeorras), finou por caducidade; para a equiparación salarial do profesorado cos funcionarios non docentes da Xunta de Galicia (rexeitada); para a conservación, mellora e desenvolvemento do patrimonio forestal de Galicia (rexeitada); para a creación do Instituto Galego da Xuventude (rexeitada); para a creación do Instituto Galego da Muller (rexeitada).

agrarias; e a de Ordenación e promoción turística de Galicia) e unha procedente do grupo Mixto e suscrita polo Deputado Camilo Nogueira Román, sobre os dereitos lingüísticos dos consumidores en relación co idioma galego.

2. Reunións dos órganos da Cámara.

Con unha soa alteración dos membros do Pleno(6), éste celebrou oito sesións plenarias, tres menos que no período de sesións anterior, motivado, sen dúbida, polo debate da Lei de Presupostos que centrou a actividade da Cámara ó longo do mes de decembro. No que atinxe a Mesa, esta celebrou 22 reunións e once mais en sesión conxunta coa Xunta de Portavoces. Este ritmo de traballo, dos órganos de goberno da Cámara, similar, anque un pouco menos intenso que o mantido no primeiro período de 1992, constatase tamén na actividade das distintas Comisións parlamentarias, destacando as múltiples sesións celebradas pola Comisión de Economía, Facenda e Presupostos, segundo demostra o cadro que sigue.

Sesión das Comisións

PERMANENTES LEXISLATIVAS

1. Institucional, de Administración Xeral Xusticia e interior.	8
2. Ordenación territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente	7
3. Economía, Facenda e Presupostos	28
4. Educación e cultura	6
5. Sanidade, Política Social e Emprego	7
6. Industria, Enerxía, Comercio e Turismo	3
7. Agricultura, Alimentación, Gandería e montes	8
8. Pesca e marisqueo	5

(6) A sustición no grupo parlamentario dos socialistas do Deputado don Miguel Barros Puente por Dona María Carmen Alvarez Fortes.

PERMANENTES NON LEXISLATIVAS

1. Regulamento	1
2. Estatuto dos Deputados.....	0
3. Peticións.	0
4. Control da Compañía de RTVG.	3
5. Relacións co Consello de Contas	0

NON PERMANENTES

1. Para o estudio da repercusión do narcotráfico en Galicia	0
2. Plan de financiamento do sistema Universitario de Galicia	1
3. Para o estudio da reforma da política pesqueira comunitaria	1
TOTAIS.	78

Comparativamente os datos sinalados, convierten o ano 1992 no que se teñen celebradas mais reunións nas distintas Comisións da Cámara desde a primeira lexislatura. As oitenta e tres do primeiro período de sesións mais as setenta e oito do segundo fan un total de 161 sesións en comisión, confirmando así un incremento a alza no traballo destes órganos parlamentarios ó longo desta lexislatura (141 en 1990; 132 en 1991; e, 161 en 1992) que, a falla dun ano, e con 434 sesións, xa ten superada a cuota da I Lexislatura (354) e practicamente a acadada na segunda (445).

3. A actividade de información e impulso.

Onde sí se aminorou a intensidade da Cámara respecto o primeiro período de sesións foi respecto a actividade de información e impulso político, tal como se amosa no cadro que a continuación se detalla:

INTERPELACIONES

Presentadas	35
Tramitadas	14
En trámite	107

PREGUNTAS

	Pleno	Comisión	R.Escrita	Total
Presentadas	22	141	53	216
Tramitadas	16	86	66	168
En trámite	8	70	70	148

PROPOSICIONS NON DE LEI

	Pleno	Comisión	Total
Presentadas	24	63	87
Tramitadas	0	72	82
En trámite	74	26	100

MOCIONS

Presentadas	12
En trámite	2

Tamén é de subliñar a procedemento de control da lexislación delegada levado a cabo con ocasión do Decreto lexislativo 1/1992, do 11 de abril. En termos xerais, sen embargo, da actividade de información

durante este ano 1992, supera cuantitativamente a desenrolada noutras lexislaturas. Así, por exemplo, neste ano de 1992 presentáronse 67 interpelacións, cifra só superada na I lexislatura no ano 1984 con 76. Otro tanto cabe decir respecto das mocións, interpoñéndose 26, cantidade que si ben e inferior a dos primeiros anos desta III lexislatura (27, 1990; 28;1991) supera con creces as de lexislaturas anteriores onde o ano en que mais se presentaron foi o de 1989 con 15.